



DATOS IDENTIFICATIVOS

Políticas Comunitarias de Desenvolvemento da Estratexia de Lisboa (I+D, PME e ambiente)

Materia	Políticas Comunitarias de Desenvolvemento da Estratexia de Lisboa (I+D, PME e ambiente)			
Código	V03M018V01210			
Titulación	Máster Universitario en Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial pola Universidade de Minho (Portugal) e a Universidade de Vigo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	1	An
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dpto. Externo Economía aplicada Xeociencias mariñas e ordenación do territorio			
Coordinador/a	Mendez Martinez, Gonzalo			
Profesorado	Labandeira Villot, Francisco Javier Mendez Martinez, Gonzalo Moreira González, Anxo			
Correo-e	mendez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A estratexia de Lisboa fundamenta a súa razón de ser no desenvolvemento de políticas que sitúen a Europa ao mesmo nivel ou un grao por diante dos seus principais competidores (EE.UU, Xapón,...) en materia de I+D+I e desenvolvemento sostible. Polo tanto, é imprescindible o coñecemento das políticas de I+D, PEMes e de medioambiente e as posibilidades que brindan á cooperación internacional.			

Competencias de titulación

Código	
A1	O alumnado demostrará posuír e comprender coñecementos suficientes sobre o funcionamento da Unión Europea, as características da cooperación territorial e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e das principais políticas que contempla a programación comunitaria 2007-2013
A2	O alumnado demostrará saber aplicar os coñecementos da competencia anterior á resolución de problemas relacionados co desenvolvemento da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e coa elaboración de candidaturas concretas
A4	O alumnado demostrará habilidades de aprendizaxe para estudar dun modo que será en gran medida autodirixido ou autónomo mediante o sistema semipresencial do título e o emprego intensivo da plataforma de docencia on-line da Universidade de Vigo
B1	O alumnado demostrará posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidades de seren orixinais no desenvolvemento e aplicación de ideas
B2	O alumnado demostrará saber aplicar coñecementos a través da capacidade para resolver problemas

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Saber contextualizar a importancia das políticas de I+D e as PEMES	saber	A1 B1
Ter capacidade para entender o necesario grao de complementariedade entre as políticas públicas de I+D multinivel	saber facer	A4 B2
Ser capaz de resolver problemas en contextos multidisciplinares	saber facer	A2 B2

Contidos

Tema	
1. As estruturas públicas e privadas de I+D na eurorrexión	-Ciencia, tecnoloxía e innovación en Europa e na eurorrexión -Comparación Europa- Xapón/EE.UU. -O punto de vista da economía -As plataformas tecnolóxicas
2. O VII Programa Marco	-Estrutura e contidos -Posibilidades de financiamento
3. Políticas comunitarias específicas de I+D	-Política de I+D e políticas de cohesión -Instrumentos: Programa Marco, Programa CIP e Fondos de Cooperación Territorial
4. Actuación internacional en materia de protección ambiental	-Actuación internacional en materia de protección ambiental -Principais acordos e convenios internacionais
5. A protección ambiental no ámbito comunitario	-A protección ambiental no ámbito comunitario: transcendencia á política nacional dos países membros -Liñas de acción ambiental
6. Dereito comunitario en materia de medio ambiente	-Dereito comunitario en materia de medio ambiente: principios e evolución -Principais directivas comunitarias en materia de medio ambiente
7. Regulamentación sectorial comunitaria en materia de ambiente	-Regulamentación sectorial comunitaria en materia de ambiente -Principais regulamentos sectoriais
8. Efeitos ambientais, económicos e distributivos das políticas ambientais comunitarias	-Efeitos ambientais das políticas ambientais comunitarias -Efeitos económicos das políticas ambientais comunitarias -Efeitos distributivos das políticas ambientais comunitarias

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas autónomas a través de TIC	32	50	82
Foros de discusión	10	28	38
Sesión maxistral	16	0	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas autónomas a través de TIC	Poderanse formular casos supostos ou presentar casos reais, para os que se facilitara á información necesaria para unha correcta análise, proposición de métodos de aproximación á solución e oferta de aplicacións telemáticas para a resolución. O alumno deberá empregar tales instrumentos e presentar resultados.
Foros de discusión	O profesorado presentará nos foros temas centrais do módulo para o seu debate. Entregará previamente documentación, ou referencias para a súa obtención, co fin de facilitar a preparación do debate. Os alumnos deberán participar activamente nos foros que se habiliten.
Sesión maxistral	Os profesores presentarán nas sesións maxistrais os temas centrais das materias. Acompañarán as sesións maxistrais co material gráfico visual e documentación precisos para unha correcta impartición e seguimento.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Foros de discusión	O profesorado atenderá as consultas dos alumnos relacionadas coa materia que se presenten ou formulen nas prácticas a través de TIC ou nos foros de discusión. Esta atención deberá ter a finalidade de orientalo e conducilo á adquisición do coñecemento así como para motivalo no proceso de aprendizaxe. Se ben esta actividade pódese desenvolver de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho), será preferente o uso da plataforma de teledocencia ou do correo electrónico, dentro da modulación propia das actividades asociadas ás TIC

Prácticas autónomas a través de TIC O profesorado atenderá as consultas dos alumnos relacionadas coa materia que se presenten ou formulen nas prácticas a través de TIC ou nos foros de discusión. Esta atención deberá ter a finalidade de orientalo e conducilo á adquisición do coñecemento así como para motivalo no proceso de aprendizaxe. Se ben esta actividade pódese desenvolver de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho), será preferente o uso da plataforma de teledocencia ou do correo electrónico, dentro da modulación propia das actividades asociadas ás TIC

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas autónomas a través de TIC	Elaboración dun traballo tutelado individual ou en pequenos equipos	50
Foros de discusión	Participación nas clases presenciais teóricas e prácticas e nos foros	0
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba escrita (exame test, exame estudio de caso...)	50

Outros comentarios sobre a Avaliación

<p>Os alumnos que deban acudir á segunda convocatoria deberán atender ás recomendacións dos profesores respecto dos temas ou cuestións nas que amosaron maior deficiencia co fin de obter a axeitada nivelación</p>

Bibliografía. Fontes de información

Labandeira, X., León, C. e Vázquez, MX, **Economía Ambiental**, Madrid, Pearson Educación,

Vence, Xavier (coord.), **Crecimiento y políticas de innovación: nuevas tendencias y experiencias comparadas**, Pirámide,

Molero, Eva e Díaz Acedo, Carlos, **Guía Práctica de gestión de proyectos europeos**, Centro de Innovación y Desarrollo Empresarial (CIDEM),

Agencia Europea de Medio Ambiente, **Integración de la política ambiental en Europa : situación actual y marco de evaluación**, Madrid, Ministerio de Medio Ambiente,

Vercher Noguera, Antonio (dir.), **El Derecho europeo medioambiental: estado actual de la transposición del derecho comunitario al ordenamiento jurídico**, Madrid, Consejo General del Poder Judicial, Escuela Judicial,

Unión Europea, <http://cordis.europa.eu/es/home.html>,

Unión Europea, <http://local.es.eea.europa.eu/>,

Xavier Labandeira, <http://webs.uvigo.es/xavier>,

Recomendacións